

“O dolmen de Dombate” (1895):

**“...Polo chan do Borneiro
De cativo pinales,
Cuase pasaba a rentes
Do Dolmen de Dombate.
Quedaba o misterioso
Fillo doutras edades
C’a súa antiga mesa,
C’as súas antigas antes,
No seu monte de terra...”**

Pondal. *Queixumes dos pinos*, 1935.

**ARQUIVO**
Deputación
DA CORUÑA

TURISMO MEGALÍTICO I

**Documento do mes
Outubro 2022**

Dolmen de Cabaleiros, ca.1998. Aguatinta de José Yáñez.
Pazo Provincial. Deputación da Coruña

DOLMEN DE CABALEIROS. TOROIA.

José Yáñez

6000 anos de antigüidade patrimonial, 200 de historia institucional ou 60 anos de promoción do turismo provincial, son razóns suficientes para dedicar un documento do mes ao rescate dalgunhas das nosas primeiras mostras de arquitectura monumental, como parte dun obxectivo de dinamización territorial.

Todo comeza co desenvolvemento franquista dos anos sesenta e setenta. A modernización do sistema deriva na actualización de competencias das deputacións, entre elas, a obriga de asumir a conservación de monumentos e lugares artísticos e históricos. Un marco legal que, a xuízo de Sánchez García, xustifica a adquisición de monumentos, cun notable crecemento do patrimonio monumental provincial. (Ver [debuxos Yáñez](#)).

E así, podemos relacionar o incremento dos bens provinciais con personaxes como Chamoso Lamas, Luís Quintas, Teodoro Sandomingo, Losada-Trulock, Fernández-Gago ou os presidentes Porto Anido e Rodríguez Madero, xunto con órganos como a Comisión Especial de Defensa de Castelos, Pazos e restos históricos de interese. Proxectan elaborar un indispensable inventario actualizado de monumentos da provincia e rexistran, entre as súas primeiras recomendacións, a adquisición do Castelo de Vimianzo, as Torres de Altamira, o Mosteiro de Caaveiro ou os dolmens de Dombate, Axeitos e Cabaleiros.

O Acordo Plenario de 19 do abril de 1975, sobre a adquisición dos tres dólmenes coruñeses, garante que estos monumentos funerarios megalíticos, unha vez excavados, non se abandonan como tantos outros. (Ver [Acta 19-04-1975](#)).

Neste contexto de promoción institucional do turismo, os monumentos constitúen un reclamo atractivo para recuperar zonas tradicionalmente desatendidas da provincia. A dinámica aplicada adoita repetirse: a primeira medida é a dotación dun camiño de acceso, para de seguido iniciarse os longos procedementos que conducen á declaración de monumento histórico-artístico provincial. Deste xeito, contribúese á revitalización, por exemplo, da Costa da Morte. Cebrián e Yáñez apuntan que o seu importante patrimonio megalítico está insuficientemente valorado. Co 20% do litoral galego e o 5 % do territorio, nos seus 18 concellos figuran ata 600 xacementos arqueolóxicos adscritos ao megalitismo. (ver [Acta 24-02-1965](#), [BOP 15-09-1977](#), [BOE 15-04-1978](#)).

A cultura megalítica está asociada á expansión do Neolítico. Representa a simbiose entre o home e a natureza. Ao contrario que no Paleolítico, en que o home se adapta á contorna, no Neolítico o home abandona o abrigo das cavernas. Sofre un cambio radical co desenvolvemento da agricultura e a gandería, faise sedentario, iniciándose a adaptación do medio polo home, plasmando a súa pegada na paisaxe europea coa construción de monumentais mausoleos (chamados mámoas, en Galicia). Cumpren unha finalidade funeraria, pero tamén de ordenamento da vida social, en tanto que marcadores territoriais, pola súa visibilidade e monumentalidade dirixidas a perdurar no tempo.

Nun territorio como o noso, rebosante de rochas de granito, abundan as audaces construcións megalíticas formadas por enormes laxes graníticas, obras titánicas emprendidas por centos de homes dunha cultura descoñecida. Constitúen un tesouro milenar, as primeiras formas de arquitectura monumental, xunto con manifestacións artísticas relacionadas, como ídolos antropomorfos ou curiosos petróglifos e pinturas rupestres sobre as súas laxes. De maneira que fomentar unha ruta arqueolóxica pola máxica terra de dolmens, castros e mámoas, representa potenciar valores estéticos, históricos, didácticos e patrimoniais. Posto que, a crecente relevancia deste fenómeno megalítico, comporta a conservación do patrimonio cultural como patrimonio colectivo.

Un patrimonio poboado de tradicións, como as lendas prerromanas sobre a orixe fantástica dos monumentos megalíticos, asociadas ao folclore de varios países europeos, desde as Illas Británicas ou Bretaña ata Galicia. Xorden despois da desaparición do pobo que os constrúe, unha vez que se esquece a súa función funeraria orixinal, como advirte Alonso Romero.

Deste xeito, as sociedades posteriores aos megalitos van construíndo un relato dos acontecementos, unha memoria colectiva que as leva a consideralos obras froito de seres sobrenaturais. Nacen entón as lendas sobre crenzas de moi atrás, unha cosmovisión dos antepasados que constitúe un fenómeno de aculturación ata os nosos días. É por iso que o Dolmen de Axeitos é coñecido como “Pedra do Mouro” e o de Cabaleiros como a “Casa da Moura”, un personaxe mítico que carrega pedras sobre a súa cabeza mentres tece, ao mesmo tempo, a trama da vida. E da tradición oral milenaria terminarán saltando á categoría de personaxes literarios, como o Mouro de Pena Amiga, de Álvaro Cunqueiro.

Mouras e Mouros construtores de megalitos, son espíritos do imaxinario popular, anteriores aos romanos, antepasados remotos desaparecidos hai tempo, donos dunha forza fabulosa e capaces de acumular grandes riquezas. Entre varias hipóteses sobre a orixe do termo, son bastante aceptadas as que asocian o prefixo “mor” con pedra, ou ben co latín “mortuus”, morte. Os Mouros son enormes, deformes, escuros. Con todo as Mouras son criaturas cativadoras, de pel clara e cabelos dourados. As súas pedras procedentes do ceo outorgan certa sacralidade de carácter lítico aos misteriosos monumentos megalíticos. En toda Galicia abundan nos topónimos, en lugares como Portomouro, Val das Mouras, Vilar de Mouros, Cova da Moura, Pena da Moura, Cachote das Mouras ou Poza da Moura.

Continuará...

[Bibliografía empregada](#)

Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Descripción documental: Begoña Rodríguez Devesa. Corrección de texto gallego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: Actas: 24-02-1965, 19-04-1975, BOP 15-09-1977, Inventario de Patrimonio nº 1051, 1099, 1102, 1103

“O dolmen de Dombate” (1895):

**“...Polo chan do Borneiro
De cativo pinales,
Cuase pasaba a rentes
Do Dolmen de Dombate.
Quedaba o misterioso
Fillo doutras edades
C’a súa antiga mesa,
C’as súas antigas antes,
No seu monte de terra...”**

Pondal. *Queixumes dos pinos*, 1935.

**ARQUIVO**
Deputación
DA CORUÑA

TURISMO MEGALÍTICO I

**Documento del mes
Octubre 2022**

DOLMEN DE CABALEIROS. TOROIA.

Dolmen de Cabaleiros, ca.1998. Aguatinta de José Yáñez.
Pazo Provincial. Deputación da Coruña

José Yáñez

6000 años de antigüedad patrimonial, 200 de historia institucional o 60 años de promoción del turismo provincial, son suficientes motivos para dedicar un documento del mes al rescate de algunas de nuestras primeras muestras de arquitectura monumental, como parte de un objetivo de dinamización territorial.

Todo comienza con el desarrollismo franquista de los años sesenta y setenta. La modernización del sistema deriva en la actualización de competencias de las diputaciones, entre ellas, la obligación de asumir la conservación de monumentos y lugares artísticos e históricos. Un marco legal que, a juicio de Sánchez García, justifica la adquisición de monumentos, con un notable crecimiento del patrimonio monumental provincial. (Ver [dibujos Yáñez](#)).

Y así, podemos relacionar el incremento de los bienes provinciales con personajes como Chamoso Lamas, Luis Quintas, Teodoro Sandomingo, Losada-Trulock, Fernández-Gago o los presidentes Porto Anido y Rodríguez Madero, junto con órganos como la Comisión Especial de Defensa de Castillos, Pazos y restos históricos de interés. Proyectan elaborar un indispensable inventario actualizado de monumentos de la provincia y registran, entre sus primeras recomendaciones, la adquisición del Castillo de Vimianzo, las Torres de Altamira, el Monasterio de Caaveiro o los dólmenes de Dombate, Axeitos y Cabaleiros.

El Acuerdo Plenario de 19 de abril de 1975, sobre la adquisición de los tres dólmenes coruñeses, garantiza que estos monumentos funerarios megalíticos, una vez excavados, no se abandonan como tantos otros. (Ver [Acta 19-04-1975](#)).

En este contexto de promoción institucional del turismo, los monumentos constituyen un reclamo atractivo para recuperar zonas tradicionalmente desatendidas de la provincia. La dinámica aplicada suele repetirse: la primera medida es la dotación de un camino de acceso, para a continuación iniciarse los largos trámites que conducen a la declaración de monumento histórico-artístico provincial. De esta forma, se contribuye a la revitalización, por ejemplo, de la Costa da Morte. Cebrián y Yáñez apuntan que su importante patrimonio megalítico está insuficientemente valorado. Con el 20% del litoral gallego y el 5 % del territorio, en sus 18 ayuntamientos figuran hasta 600 yacimientos arqueológicos adscritos al megalitismo. (ver [Acta 24-02-1965](#), [BOP 15-09-1977](#), [BOE 15-04-1978](#)).

La cultura megalítica está asociada a la expansión del Neolítico. Representa la simbiosis entre el hombre y la naturaleza. Al contrario que en el Paleolítico, en que el hombre se adapta al entorno, en el Neolítico el hombre abandona el abrigo de las cavernas. Sufre un cambio radical con el desarrollo de la agricultura y la ganadería, se hace sedentario, iniciándose la adaptación del medio por el hombre, plasmando su huella en el paisaje europeo con la construcción de monumentales mausoleos (llamados mámoas, en Galicia). Cumplen una finalidad funeraria, pero también de ordenamiento de la vida social, en tanto que marcadores territoriales, por su visibilidad y monumentalidad dirigidas a perdurar en el tiempo.

En un territorio como el nuestro, rebosante de rocas de granito, abundan las audaces construcciones megalíticas formadas por enormes losas graníticas, obras titánicas emprendidas por cientos de hombres de una cultura desconocida. Constituyen un tesoro milenario, las primeras formas de arquitectura monumental, junto con manifestaciones artísticas vinculadas, como ídolos antropomorfos o curiosos petroglifos y pinturas rupestres sobre sus losas. De manera que fomentar una ruta arqueológica por la mágica tierra de dólmenes, castros y mámoas, representa potenciar valores estéticos, históricos, didácticos y patrimoniales. Puesto que, la creciente relevancia de este fenómeno megalítico, conlleva la conservación del patrimonio cultural como patrimonio colectivo.

Un patrimonio poblado de tradiciones, como las leyendas prerromanas sobre el origen fantástico de los monumentos megalíticos, asociadas al folklore de varios países europeos, desde las Islas Británicas o Bretaña hasta Galicia. Surgen después de la desaparición del pueblo que los construye, una vez que se olvida su función funeraria original, como advierte Alonso Romero.

De este modo, las sociedades posteriores a los megalitos van construyendo un relato de los acontecimientos, una memoria colectiva que las lleva a considerarlos obras fruto de seres sobrenaturales. Nacen entonces las leyendas sobre creencias de muy atrás, una cosmovisión de los antepasados que constituye un fenómeno de aculturación hasta nuestros días. Es por eso que el Dolmen de Axeitos es conocido como “Pedra do Mouro” y el de Cabaleiros como la “Casa da Moura”, un personaje mítico que acarrea piedras sobre su cabeza mientras teje, al mismo tiempo, la trama de la vida. Y de la tradición oral milenaria terminarán saltando a la categoría de personajes literarios, como el Mouro de Pena Amiga, de Álvaro Cunqueiro.

Mouras y Mouros constructores de megalitos, son espíritus del imaginario popular, anteriores a los romanos, antepasados remotos desaparecidos hace tiempo, dueños de una fuerza fabulosa y capaces de atesorar grandes riquezas. Entre varias hipótesis sobre el origen del término, son bastante aceptadas las que asocian el prefijo “mor” con piedra, o bien con el latín “mortuus”, muerte. Los Mouros son enormes, deformes, oscuros. Sin embargo las Mouras son criaturas cautivadoras, de piel clara y cabellos dorados. Sus piedras procedentes del cielo otorgan cierta sacralidad de carácter lítico a los misteriosos monumentos megalíticos. En toda Galicia abundan en los topónimos, en lugares como Portomouro, Val das Mouras, Vilar de Mouros, Cova da Moura, Pena da Moura, Cachote das Mouras o Poza da Moura.

Continuará...

[Bibliografía empleada](#)

Textos y dirección de arte: Carmen Molina Taboada. Maquetación: Yolanda Carro Sánchez. Descripción documental: Begoña Rodríguez Devesa. Corrección de texto gallego: Nieves do Campo Piñeiro. Documentos: Actas: 24-02-1965, 19-04-1975, BOP 15-09-1977, Inventario de Patrimonio nº 1051, 1099, 1102, 1103